

CONCELLERÍA
DE
FOMENTO

CONCELLO
DE VIGO



Expte. 5.036-440

DESTINATARIO:
RESPONSABLE DO CONTRATO

ASUNTO:

VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS (SOBRE B “PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR”) PARA A CONTRATACIÓN POLO PROCEDEMENTO ABERTO DO SERVIZO DE

REDACCIÓN DO PROXECTO DAS OBRAS DAS NOVAS GRADAS DE GOL E MARCADOR, DUN APARCADOIRO SOTERRADO E DUN PROXECTO CONXUNTO DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAÍDOS

INFORME:

A mesa de contratación de data 26 de febreiro de 2018 realizou a apertura da documentación presentada polas empresas que optan a adxudicación das obras de referencia, dando traslado da documentación presentada no sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor” para a súa avaliación por parte dos servizos técnicos do servizo xestor do expediente. De acordo coa acta da mesa de contratación foron admitidas as ofertas das empresas que se indican a continuación:

1. IDOM CONSULTING ENGINEERING ARCHITECTURE SAU
2. PEDRO DE LA PUENTE CRESPO
3. TYP SA MC2 SOLTEC INGENIEROS SL
4. U.T.E. - G.O.C, S.A. E NAOS 04 ARQUITECTOS, S.L.P.
5. SENER INGENIERIA Y SISTEMAS SA
6. UTE GALAICONTROLSL- HERMOSO&HEIMANN SFELD ARQUITECTOS SLP-LUIS COLLARTE RODRIGUEZ

A vista da información que inclúen as ofertas e a cantidade de licitadores admitidos no proceso, o Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e responsable do contrato, solicita informe técnico de valoración das ofertas, proponendo revisión e valoración a diferentes técnicos tendo en conta o apartado a avaliar de acordo co estipulado nos apartados 7.A. e 8.A. das FEC do PCAP.

Así o reparto técnico para a valoración das ofertas se plantexa dun modo coherente coa propia distribución establecida no PCAP, do seguinte modo:

- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Jerónimo Centrón Castaños valorará o criterio B.1- VALORACIÓN DA MEMORIA TÉCNICA DOS TRABALLOS A REALIZAR: (apartado 8.A.1, das FEC).
- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Xacobe Paz Salgado valorará o criterio B.2.- VALORACIÓN DA MEMORIA DESCRITIVA DO EQUIPO DE RECURSOS HUMANOS ADSCRITOS AO PROXECTO: (apartado 8.A.2, das FEC).
- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Xacobe Paz Salgado a valorará o criterio B.3.- VALORACIÓN DA PROPOSTA DE CONTROL DE CALIDADE: (apartado 8.A.3, das FEC).

Páx. 1 de 26



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 20/03/2018 12:34

Páxina 1 de 26

Expediente 5036/440

CSV: 23EA4-3828E-2A2AA-E4E2E

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expte. 5.036-440

A valoración das ofertas realizarase de acordo co establecido no apartado 8.A., das FEC, no cal se indican os criterios para a avaliación mediante xuízo de valor así como as regras de puntuación.

De acordo co recollido nos apartados 7.A, e 8.A., das FEC, para a avaliación das ofertas presentadas polos licitadores no “sobre B” o presente informe atenderá os seguintes criterios:

A.- REVISIÓN DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS ESTABLECIDOS NO APARTADO 7.A DAS FEC, SOBRE O CONTIDO DA DOCUMENTACIÓN APORTADA POR CADA LICITADOR NO SOBRE “B”.

Incluirá a Memoria técnica dos traballos a realizar, a Memoria descritiva do equipo de recursos humanos adscritos ao proxecto e a Proposta de control de calidade, co contido descrito no apartado 8.A desta FEC.

1.- Requisitos para a presentación da documentación da Memoria técnica dos traballos a realizar:

Presentarase nun único arquivo dixital de como máximo 10 MB, cun máximo de 50 follas por unha cara (teranse en conta todos as follas que o compoñan, incluíndo índices, carátulas, gráficos e demais follas incorporadas).

A denominación do arquivo deberá estar conformada coa seguinte nomenclatura: “nome abreviado da empresa licitadora (máximo de 10 caracteres)”;

2.- Requisitos para a presentación da documentación da Memoria descritiva do equipo de recursos humanos adscritos ao proxecto:

Presentarase nun único arquivo dixital de como máximo 5 MB, cun máximo de 20 follas a unha cara en tamaño DIN A4 (na cuantificación deste documento teranse en conta todos as follas que o compoñan, incluíndo índices, carátulas, gráficos e demais follas incorporadas).

A denominación do arquivo deberá estar conformada coa seguinte nomenclatura: “nome abreviado da empresa licitadora (máximo de 10 caracteres)”;

3.- Requisitos para a presentación da documentación da Proposta de control de calidade:

Presentarase nun único arquivo dixital de como máximo 5 MB, cun máximo de 20 follas a unha cara en tamaño DIN A4 (na cuantificación deste documento teranse en conta todos as follas que o compoñan, incluíndo índices, carátulas, gráficos e demais follas incorporadas).

A denominación do arquivo deberá estar conformada coa seguinte nomenclatura: “nome abreviado da empresa licitadora (máximo de 10 caracteres)”;

B.- AVALIACIÓN TÉCNICA E PUNTUACIÓN SOBRE O CONTIDO DA DOCUMENTACIÓN APORTADA POR CADA LICITADOR NO SOBRE “B”.

Os criterios avaliábeis mediante xuízo de valor serán avaliábeis ata un máximo de **100 puntos**, e terá un coeficientes de ponderación **A=45 puntos**. A avaliación da documentación presentada por cada licitador





Expte. 5.036-440

atopase recollida indicando para os diferentes criterios a avaliar de acordo co estipulado nos apartados 7.A. e 8.A. das FEC as puntuacións obtidas a xuízo de valor dos técnicos que subscriben cada apartado.

Para asignación da puntuación en cada un dos apartados en que se divide cada criterio, se outorgará a maior puntuación do apartado a avaliar a que se considere que recolle con maior grado de detalle e coñecemento os aspectos descritos no apartado e puntuando as restantes ofertas, en función da documentación presentada, comparándoa coa oferta de maior puntuación.

A memoria divídese nos seguintes tres criterios:

B.1.- VALORACIÓN DA MEMORIA TÉCNICA DOS TRABALLOS A REALIZAR (apartado 8.A.1, das FEC). Este criterio ten unha valoración máxima de **75 puntos**. A valoración deste criterio foi realizada polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Jerónimo Centrón Castaños, segundo se recolle no apartado 8.A.1. das FEC, deberá incluír:

O licitador presentará unha memoria técnica que expoña a proposta de contidos e o desenvolvemento dos traballos a realizar con indicación dos condicionantes que presentan estes, de modo se poida coñecer o alcance dos traballos e se demostre coñecemento da problemática do traballo a realizar.

Todas as indicacións deberán ter unha relación directa co obxecto do proxecto.

Deberá achegarse información gráfica adecuada á peculiaridade específica de cada apartado da memoria.

A puntuación distribuirase nos seguintes apartados:

1.- Análise do ámbito de actuación e os condicionantes do contorno que afecten ao desenvolvemento do proxecto: Se valorará con ata **25,00 puntos**.

- Incluirá unha descrición do ámbito de actuación dende todos os puntos de vista que poidan afectar aos criterios de deseño da actuación e ao desenvolvemento dos traballos de redacción.

2.- Análise da proposta de actuación a través dunha descrición analítica e detallada dos procedementos a desenvolver na execución do proxecto: Se valorará con ata **25,00 puntos**.

- Incluirá unha descrición do alcance dos traballos a realizar, os condicionantes que se poden presentar, e a incidencia destes sobre o desenvolvemento dos traballos.

3.- Proposta de planificación da execución do contrato de redacción e dos procedementos de traballo en relación cos períodos de execución e cos medios necesarios para a execución do contrato:

- Incluirá un programa de traballos coa planificación das actividades a desenvolver, en relación cos períodos de execución e cos equipos materiais e humanos que se propoñen para a execución do contrato. Tanto os prazos parciais como o total que figuren no programa de traballos non poderán ser superiores ao establecido na cláusula 3 do prego de prescricións técnicas.

A puntuación para cada apartado asignarase tendo en conta as seguintes **circunstancias**:

Páx. 3 de 26



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 20/03/2018 12:34

Páxina 3 de 26

Expediente 5036/440

CSV: 23EA4-3828E-2A2AA-E4E2E

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expte. 5.036-440

- O bo coñecemento da problemática a resolver e dos condicionantes externos.
- A adaptación de cada un dos documentos aos contidos indicados.
- O grao de detalle e a concreción de todas e cada unha das consideracións da memoria.
- A xustificación da metodoloxía indicada para a execución dos traballos.
- O maior alcance da calidade a obter en materia do obxecto do contrato.
- A precisión na identificación dos principais procesos e condicionantes.
- A coherencia de todos os documentos.

Tendo en conta dentro dos aspectos recollidos nas FEC os contidos citados anteriormente, as regras de puntuación indicadas no apartado 8.A das FEC, as circunstancias citadas anteriormente e as características e peculiaridades do servizo de referencia, procédese á revisión técnica da documentación presentada por cada licitador, segundo se recolle no apartado referente a cada un de eles.

B.2.- MEMORIA DESCRIPTIVA DO EQUIPO DE RECURSOS HUMANOS ADSCRITOS AO PROXECTO : (apartado 8.A.2, das FEC). Este criterio ten unha valoración máxima de **20,00** puntos e foi realizada polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Xacobe Paz Salgado, segundo se recolle no apartado 8.A.1. das FEC deberá incluír:

O licitador presentará unha memoria descritiva que recolla un organigrama coa organización dos recursos humanos con indicación da experiencia, cualificación e formación do equipo humano, que deberá ser superior, como mínimo, á requirida aos medios persoais mínimos á adscribir ao contrato.

Todas as indicacións deberán ter unha relación directa co obxecto do proxecto.

Achegará información gráfica, esquemas e diagramas adecuados á peculiaridade do proxecto.

A puntuación distribuirase nos seguintes apartados:

1.- Experiencia, cualificación e formación do equipo humano: Se valorará con ata **12,00 puntos**. Segundo se recolle literalmente no apartado 8.A.2.a) das FEC deberá incluír:

- Especificarase a experiencia acreditada en relación coas peculiaridades de cada posto de traballo descrito, a cualificación e a formación.
- Este equipo deberá atoparse identificado e adaptado ás peculiaridades propias deste proxecto, debendo achegarse unha proposta específica de compromiso de adscripción ao servizo dos profesionais que vaian intervir.

2.- Organización dos recursos humanos: Se valorará con ata **8,00 puntos**. Segundo se recolle literalmente no apartado 7.A.2.b) das FEC deberá incluír:

- Incluír un organigrama explicativo da dedicación dos técnicos na realización das distintas actividades comprendidas no traballo e a descrición e xustificación das actuacións e funcións do equipo humano que se propoña adscribir ao contrato.
- Para este apartado o licitador deberá achegar información gráfica, esquemas e diagramas adecuados á peculiaridade da proposta de organización e do proxecto.

Páx. 4 de 26



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 20/03/2018 12:34

Páxina 4 de 26

Expediente 5036/440

CSV: 23EA4-3828E-2A2AA-E4E2E

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expte. 5.036-440

A puntuación para cada apartado asignarase tendo en conta as seguintes **circunstancias**:

- A adaptación do equipo aos contidos indicados.
- O grao de detalle e a concreción de todos e cada un dos traballos a realizar polos membros do equipo.
- A experiencia acreditada en proxectos de similares características.
- A cualificación e formación adecuada aos traballos a realizar.
- Organización adecuada do equipo humano a intervenir no traballo.
- A coherencia de todos os documentos.

Tendo en conta dentro dos aspectos recollidos nas FEC os contidos citados anteriormente, as regras de puntuación indicadas no apartado 8.A das FEC, as circunstancias citadas anteriormente e as características e peculiaridades do servizo de referencia, procédese á revisión técnica da documentación presentada por cada licitador, segundo se recolle no apartado referente a cada un de eles.

B.3.- PROPOSTA DE CONTROL DE CALIDADE : (apartado 8.A.3, das FEC). Este criterio ten unha valoración máxima de **5,00** puntos e foi realizada polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Xacobe Paz Salgado, segundo se recolle no apartado 8.A.1. das FEC deberá incluír:

O licitador deberá expoñer as medidas que propón para controlar e garantir a calidade dos traballos. Expresará a calidade a obter na execución do servizo obxecto do contrato, así como o marco de xestión da calidade e os controis de calidade que propoña realizar. Todas as indicacións deberán ter unha relación directa co obxecto do proxecto. Achegará información gráfica, esquemas e diagramas adecuados á peculiaridade do proxecto.

Incluír a descrición analítica e detallada de:

- As medidas que propón o licitador para controlar e garantir a calidade dos traballos a executar
- Plan de autocontrol interno da empresa naqueles procesos relacionados directamente coa execución do obxecto do proxecto
- Organización adicada ao control de calidade

A puntuación para cada apartado asignarase tendo en conta as seguintes **circunstancias**:

- A adaptación de cada un dos documentos aos contidos indicados.
- O grado de detalle e a concreción de todas e cada unha das consideracións da proposta.
- A xustificación da metodoloxía indicada para a execución dos traballos.
- O maior alcance da calidade a obter en materia do obxecto do contrato.
- A precisión na identificación dos principais procesos e condicionantes
- A coherencia de todos os documentos

Tendo en conta dentro dos aspectos recollidos nas FEC os contidos citados anteriormente, as regras de puntuación indicadas no apartado 8.A das FEC, as circunstancias citadas anteriormente e as características e peculiaridades do servizo de referencia, procédese á revisión técnica da documentación presentada por cada licitador, segundo se recolle no apartado referente a cada un de eles.





Expte. 5.036-440

Da avaliación destes aspectos, procederase á asignación da puntuación en cada un dos apartados, para o cal se outorgará a maior puntuación do apartado a avaliar a oferta que se considere que recolle con maior grao de detalle e coñecemento os aspectos descritos anteriormente e puntuando as restantes, en función da documentación presentada, comparándoa coa da oferta de maior puntuación.

Según se recolle no apartado 8.A das F.E.C. a **puntuación** dos criterios avaliados mediante xuízo de valor será outorgada seguindo as seguintes **reglas**:

- As propostas que non cumpran cos requisitos de tamaño de arquivo máximo, do nº de follas máximas ou de arquivo único, serán obxecto de valoración técnica, pero a puntuación será a metade dos puntos asignados a cada criterio.
- Fíxase un **umbral mínimo de puntuación**: serán excluídas do proceso de licitación as ofertas que non acaden na puntuación dos criterios de xuízo de valor o 50 % da puntuación máxima da totalidade dos mesmos, por considerarse que teñen unha calidade técnica inadecuada.

De acordo cos aspectos indicados no presente informe, a continuación detállase e motivase a valoración realizada para cada unha das empresas licitadoras:





Expte. 5.036-440

(VALORACIÓN SOBRE B “PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR”)

IDOM CONSULTING ENGINEERING ARCHITECTURE SAU

B.1.- MEMORIA TÉCNICA DOS TRABALLOS A REALIZAR.

O arquivo dixital presentado para este apartado non supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con ata **75 puntos**.

a) Análise do ámbito de actuación e os condicionantes do entorno que afecten ao desenvolvemento do proxecto: se valorará con ata 25 puntos.

O licitador indica que coñece o entorno xustificando a afirmación por ser redactores do “Estudio técnico económico do Estadio de Balaidos e na Cidade do deporte” no ano 2007. Así mesmo indica coñecer o Estadio xustificado na redacción do Estudio “Estadio Nuevo Balaídos, adaptación FIFA” no ano 2009. En ambos casos nin detalla nin concreta ningún dos elementos do ámbito de actuación e os seus condicionantes que poidan afectar aos criterios de deseño da actuación e ao desenvolvemento dos traballos de redacción do presente contrato. Tampouco xustifica nin precisa condicionantes externos que afecten ao obxecto do contrato no referente ao ámbito de actuación nin as obras realizadas recentemente nas gradas de Tribuna e Río.

Sen embargo a memoria analiza detalladamente o condicionante de desenrolo da actuación en zona inundable. Destacando así mesmo a precisión na identificación da afección da choiva e vento, un dos principais condicionantes do ámbito. Identifica pero non detalla a problemática do ámbito no relativo ao tráfico rodado e peonil, aínda que fai referencia a memoria a afección os días de partido.

Se recolle descrición da experiencia en Estadios de fútbol similares que non aportan no relativo a precisión da análise do ámbito de actuación da presente licitación.

En xeral a memoria analiza escasamente o ámbito de actuación no relativo a algúns dos principais condicionantes e os que cita se presentan sen un alto grado de detalle. Non se demostra o coñecemento do ámbito de actuación e os condicionantes de contorno, bótase en falta destacar convenientemente a maioría deles como os referentes ao Plan Director que rixe a presente licitación, os condicionantes das gradas xa reformadas, as condicións urbanísticas do entorno, análise da orografía e do transporte público, as condicións de aparcamento actuais, a importancia das redes soterradas existentes no ámbito de actuación como o colector de marxe do río, os usos concretos dos baixos, do entorno e das edificacións do ámbito, e a afección das actuais gradas de Gol e Marcador a demoler.

De acordo coa avaliación realizada, a puntuación debe ter en conta que a súa proposta non é calificada como a que recolle con maior grao de detalle e coñecemento os aspectos relativos ao ámbito de actuación e os condicionantes do contorno que afecten ao desenvolvemento do proxecto, polo que se aplica o criterio de comparación coa oferta de maior puntuación, e se lle outorga unha puntuación de **12 PUNTOS**.

b) Análise da proposta de actuación a través dunha descrición analítica e detallada dos procedementos a desenvolver na execución do proxecto: se valorará con ata 25 puntos.

Páx. 7 de 26



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 20/03/2018 12:34

Páxina 7 de 26

Expediente 5036/440

CSV: 23EA4-3828E-2A2AA-E4E2E

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expte. 5.036-440

A memoria describe convenientemente os procesos na redacción do proxecto no relativo aos procedementos do estudo de tráfico peatonal e rodado. Así mesmo desenrola o condicionante da execución por fases das obras do estadio sen detallar o caso da presente licitación, e presentando exemplos de actuacións de estadios similares por fases. Presenta descrición detallada da metodoloxía dos traballos a realizar no referente a afección do vento e choiva, un dos principais condicionantes no desenvolvemento dos traballos. Recolle sucintamente o procedemento de deseño de solucións estruturais singulares para a cuberta.

A memoria en xeral non describe e concreta o desenvolvemento dos traballos para a redacción do proxecto do contrato e os condicionantes dos procedementos con detalle e xustificación para cada un dos cálculos necesarios e a adaptación da metodoloxía a seguir para a realización, salvo no relativo a tráfico, vento e choiva. Bótase en falta a identificación e desenrolo dos procesos de traballo a realizar e incidencia no referente a demolicións das gradas existentes, estruturas soterradas do parking, trazado, estrutura grada, visibilidade, xeotecnia, topografía, iluminación, hidráulico e hidrolóxico relativo as posibles inundacións, medioambiente, evacuación e accesibilidade, instalacións...etc.

De acordo coa avaliación realizada, a puntuación debe ter en conta que a súa proposta non é calificada como a que recolle con maior grao de detalle e coñecemento os aspectos relativos a proposta de actuación a través dunha descrición analítica e detallada dos procedementos a desenvolver na execución do proxecto, polo que se aplica o criterio de comparación coa oferta de maior puntuación, e se lle outorga unha puntuación de **11 PUNTOS**.

c) Proposta de planificación da execución do contrato de redacción e dos procedementos de traballo en relación cos períodos de execución e cos medios necesarios para a execución do contrato: se valorará con ata 25 puntos.

Presenta descrición das actividades a levar a cabo en cada unha das fases de actuación, adaptada aos contidos de cada fase, cun grado de detalle adecuado e indicación da metodoloxía indicada para a execución dos traballos. Así mesmo se plantexa indicacións da distribución temporal das actuacións en cada fase grafiado en diagrama de gant, con programa de traballo adecuado, indicando os principais procesos, adaptado aos prazos parciais recollidos no prego da licitación.

Bótase en falta indicación detallada e concreta dos medios humanos e materiais así como da dedicación específica dos recursos humanos e da distribución en equipos de traballo.

De acordo coa avaliación realizada, a puntuación debe ter en conta que a súa proposta non é calificada como a que recolle con maior grao de detalle e coñecemento os aspectos relativos a proposta de planificación da execución do contrato de redacción e dos procedementos de traballo en relación cos períodos de execución e cos medios necesarios para a execución do contrato, polo que se aplica o criterio de comparación coa oferta de maior puntuación, e se lle outorga unha puntuación de **15 PUNTOS**.

B.2.- MEMORIA DESCRIPTIVA DO EQUIPO DE RECURSOS HUMANOS ADSCRITOS AO PROXECTO.

O arquivo dixital presentado para este apartado non supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado. Valorarase con ata **20 puntos**.

Páx. 8 de 26



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 20/03/2018 12:34

Páxina 8 de 26

Expediente 5036/440

CSV: 23EA4-3828E-2A2AA-E4E2E

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expte. 5.036-440

a) Experiencia, cualificación e formación do equipo humano: se valorará con ata 12 puntos

O licitador presenta para os 12 profesionais que aparecen no organigrama un extracto da súa formación e cualificación, así como referencias da súa experiencia profesional.

A cualificación e formación do persoal técnico (arquitectos, arquitectos técnicos, enxeñeiro de camiños, enxeñeiros industriais, enxeñeiro técnico industrial, técnico en prevención de riscos laborais) considérase adecuada para o proxecto.

Considérase especialmente relevante a alta experiencia en actuacións con peculiaridades propias deste proxecto, con referencias ao deseño de instalacións deportivas e aparcamentos soterrados.

Considérase para este apartado que a análise presentada polo licitador é a que recolle con maior grao de detalle e coñecemento os aspectos relativos a experiencia, cualificación e formación do equipo humano, e se lle outorga unha puntuación de **12,0 puntos**.

b) Organización dos recursos humanos: se valorará con ata 8 puntos

Presenta unha táboa explicativa do rol asignado ao persoal técnico humano que se propón adscribir ao proxecto, composto por 12 técnicos.

Bótase en falta maior grao de detalle e concreción da descrición e xustificación das actividades a desenvolver e documentos a redactar por cada un dos membros do equipo de traballo, facendo unha análise demasiado agregada por fases de execución do proxecto.

De acordo coa avaliación realizada, a puntuación debe ter en conta que a súa proposta non é calificada como a que recolle con maior grao de detalle e coñecemento os aspectos relativos á organización dos recursos humanos, polo que se aplica o criterio de comparación coa oferta de maior puntuación, e se lle outorga unha puntuación de **4,0 puntos**.

B.3.- PROPOSTA DE CONTROL DE CALIDADE.

O arquivo dixital presentado para este apartado non supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado. Valorarase con ata **5 puntos**.

Indícase que a empresa Idom posúe sistema de xestión de calidade certificado segundo a norma ISO 9001, con alcance adecuado ás características do proxecto a desenvolver.

O licitador expón a estrutura do sistema de xestión e propón un esquema do Plan de Aseguramento da Calidade a aplicar ao proxecto. Considérase que presenta un desenvolvemento dos puntos incluídos no prego, pero bótase en falta maior grao de detalle en canto á información gráfica e esquemas aportados.

O licitador fai unha proposta de equipo técnico adicado ao control de calidade que se considera adecuada.

De acordo coa avaliación realizada, a puntuación debe ter en conta que a súa proposta non é calificada como a que recolle con maior grao de detalle e coñecemento os aspectos relativos á proposta de control





Expte. 5.036-440

de calidade, polo que se aplica o criterio de comparación coa oferta de maior puntuación, e se lle outorga unha puntuación de **4,0 puntos**.

PEDRO DE LA PUENTE CRESPO

B.1.- MEMORIA TÉCNICA DOS TRABALLOS A REALIZAR.

O arquivo dixital presentado para este apartado non supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con ata **75 puntos**.

a) Análise do ámbito de actuación e os condicionantes do entorno que afecten ao desenvolvemento do proxecto: se valorará con ata 25 puntos.

A memoria describe o proceso de construción histórico do Estadio, destacando na exposición a análise detallada que presenta da estrutura e os condicionantes das gradas obxecto do presente contrato de Gol e Marcador, así como a de Río. Así mesmo presenta un identificación e detalle dos procesos de execución levados a cabo en base ao Plan Director, nas gradas de Río e Tribuna, como condicións de contorno da actuación a desenrolar.

A memoria analiza tanto a topografía como condicionante de desenrolo da actuación como a influencia do río Lagares e a inundabilidade do entorno. Destacando así mesmo a precisión na identificación da afección da choiva como un dos principais condicionantes da actuación. Presenta ademais identificación detallada da xeotecnia e xeoloxía do entorno e a influencia sobre as cimentacións das diversas estruturas a diseñar no presente contrato. Identifícase cun grado de detalle adecuado tamén o entorno urbano, a influencia do soleamento no ámbito, o tráfico de vehículos e transporte público así como as condicións urbanísticas do entorno. En canto aos servizos soterrados destaca o análise gráfica das diversas redes que discorren polo entorno de saneamento, abastecemento, rede eléctrica, telecomunicacións... etc.

En xeral a memoria analiza adecuadamente o ámbito de actuación no relativo a moitos dos principais condicionantes demostrando un bo coñecemento da problemática a resolver e os condicionantes externos. Sen embargo bótase en falta destacar convenientemente algúns deles como os referentes as condicións de aparcamento actuais, os usos concretos dos baixos actuais e maior detalle do entorno ou as problemáticas concretas os días de partido no Estadio.

De acordo coa avaliación realizada, a puntuación debe ter en conta que a súa proposta non é calificada como a que recolle con maior grao de detalle e coñecemento os aspectos relativos ao ámbito de actuación e os condicionantes do contorno que afecten ao desenvolvemento do proxecto, polo que se aplica o criterio de comparación coa oferta de maior puntuación, e se lle outorga unha puntuación de **20 PUNTOS**.

b) Análise da proposta de actuación a través dunha descrición analítica e detallada dos procedementos a desenvolver na execución do proxecto: se valorará con ata 25 puntos.

A memoria describe detalladamente os procesos na redacción do proxecto no relativo ao estudo das cimentacións, cálculos de drenaxe e hidráulicos das redes de augas e a afección da choiva. Destaca sobremaneira o desenrolo e grado de detalle da proposta de procedemento de estudio fluidodinámico da





Expte. 5.036-440

propagación das partículas atmosféricas según a influencia climática, así como o estudo e metodoloxía da integridade estrutural, soldaduras e control de calidade

Así mesmo desenrola a incidencia na execución do proxecto do funcionamento conxunto do estadio completo e aparcamento, seguridade do espectáculo, control de instalacións, accesibilidade, visibilidade, megafonía, marcadores, sinalización, comentaristas...etc.

Destaca as propostas de actuación e desenvolvemento no relativo a afección da choiva e a drenaxe das augas pluviais e iluminación, instalación eléctrica e calefacción, usos superficiais asociados e implantación do aparcamento soterrado.

Ainda así bótase en falta a identificación e desenrolo dos procesos de traballo a realizar e incidencia no referente a demolicións das gradás existentes, execución por fases da obra e maior definición no referente os procedementos de cálculo específico de estruturas soterradas e trazado do circulatorio rodado ou mobilidade mecánica.

*Se considera para este apartado que a análise presentada polo licitador é a que recolle con maior grao de detalle e coñecemento os aspectos relativos a proposta de actuación a través dunha descrición analítica e detallada dos procedementos a desenvolver na execución do proxecto, e se lle outorga unha puntuación de **20 PUNTOS**.*

c) Proposta de planificación da execución do contrato de redacción e dos procedementos de traballo en relación cos períodos de execución e cos medios necesarios para a execución do contrato: se valorará con ata 25 puntos.

Presenta descrición das actividades a levar a cabo en cada unha das fases de actuación, adaptada aos contidos de cada fase, cun grao de detalle adecuado e alta concreción dos procesos e indicación da metodoloxía indicada para a execución dos traballos. Así mesmo se plantexa indicacións da distribución temporal das actuacións en cada fase grafiado en diagrama de gant, con programa de traballo adecuado, e desenrolo detallado dos principais procesos, adaptado aos prazos parciais recollidos no prego da licitación.

Bótase en falta indicación detallada e concreta dos medios humanos e materiais así como da dedicación específica dos recursos humanos e da distribución en equipos de traballo.

*De acordo coa avaliación realizada, a puntuación debe ter en conta que a súa proposta non é calificada como a que recolle con maior grao de detalle e coñecemento os aspectos relativos a proposta de planificación da execución do contrato de redacción e dos procedementos de traballo en relación cos períodos de execución e cos medios necesarios para a execución do contrato, polo que se aplica o criterio de comparación coa oferta de maior puntuación, e se lle outorga unha puntuación de **16 PUNTOS**.*

B.2.- MEMORIA DESCRIPTIVA DO EQUIPO DE RECURSOS HUMANOS ADSCRITOS AO PROXECTO.

*O arquivo dixital presentado para este apartado non supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado. Valorarase con ata **20 puntos**.*

a) Experiencia, cualificación e formación do equipo humano: se valorará con ata 12 puntos





Expte. 5.036-440

O licitador presenta para os 13 profesionais que aparecen no organigrama un extracto da súa formación e cualificación, así como referencias da súa experiencia profesional.

A cualificación e formación do persoal técnico (arquitectos, arquitecto técnico, enxeñeiro de camiños, enxeñeiros industriais, enxeñeiros técnicos industriais, xeólogo, técnicos superiores de proxectos) considérase adecuada para o proxecto.

Considérase especialmente relevante o coñecemento do entorno e a alta experiencia en actuacións con peculiaridades propias deste proxecto, con referencias ao deseño de instalacións deportivas e aparcamentos soterrados.

*Considérase para este apartado que a análise presentada polo licitador é a que recolle con maior grao de detalle e coñecemento os aspectos relativos a experiencia, cualificación e formación do equipo humano, e se lle outorga unha puntuación de **12,0 puntos**.*

b) Organización dos recursos humanos:se valorará con ata 8 puntos

Presenta un organigrama explicativo do persoal técnico humano que se propón adscribir ao proxecto, composto por 13 técnicos, con detalle que se considera adecuado.

Xustifica a actuación e funcións asignadas a cada membro do equipo humano que propón adscribir ao contrato. Considérase adecuado ás necesidades da actuación a desenvolver.

Detalla a dedicación prevista de cada un dos técnicos ao proxecto (con indicación das actividades e documentos asignados a cada profesional en cada unha das fases do proxecto).

En relación coa información gráfica, ademais do organigrama, aporta táboas comprensivas da asignación de traballos por recursos e tarefas coa dedicación prevista para cada profesional.

*Considérase para este apartado que a análise presentada polo licitador é a que recolle con maior grao de detalle e coñecemento os aspectos relativos á organización dos recursos humanos, e se lle outorga unha puntuación de **8,0 puntos**.*

B.3.- PROPOSTA DE CONTROL DE CALIDADE.

*O arquivo dixital presentado para este apartado non supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado. Valorarase con ata **5 puntos**.*

Bótase en falta a definición do sistema de xestión de calidade que ten implantado o licitador internamente para garantir a calidade dos traballos a executar, así como que o sistema de xestión de calidade estea avalado por un Organismo de Certificación. Igualmente bótase en falta a inclusión de esquemas e diagramas adecuados ás peculiaridades da proposta.

O licitador propón un colaborador externo para a revisión técnica do proxecto. Detalla as comprobacións a realizar sobre o proxecto, pero non detalla suficientemente a metodoloxía e alcance para a súa implementación durante as fases de execución do proxecto nen o equipo para o seu desenvolvemento.

De acordo coa avaliación realizada, a puntuación debe ter en conta que a súa proposta non é calificada como a que recolle con maior grao de detalle e coñecemento os aspectos relativos á proposta de control





Expte. 5.036-440

de calidade, polo que se aplica o criterio de comparación coa oferta de maior puntuación, e se lle outorga unha puntuación de **1,5 puntos**.

TYPSA MC2 SOLTEC INGENIEROS SL

B.1.- MEMORIA TÉCNICA DOS TRABALLOS A REALIZAR.

O arquivo dixital presentado para este apartado non supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con ata **75 puntos**.

a) Análise do ámbito de actuación e os condicionantes do entorno que afecten ao desenvolvemento do proxecto: se valorará con ata 25 puntos.

A memoria analiza someramente a área de influencia, indicando os usos xerais do entorno.

Analiza detalladamente do tráfico rodado e peonil no entorno, así como o aparcamento, o estado da pavimentación, a sección tipo, as condicións existentes do mobiliario, xardinería e instalacións nos diferentes viais do contorno do edificio. Inclúe identificación da problemática das interseccións viarias próximas ao Estadio. Recolle someramente as condicións urbanísticas do entorno, o condicionante de desenrolo da actuación en zona inundable, os recorridos peonís e de bici e o transporte público.

En xeral a memoria analiza o ámbito de actuación no relativo ao contorno urbano do Estadio, pero non detalla convenientemente algúns dos outros principais condicionantes e os que cita se presentan sen un alto grado de detalle. Non se demostra o coñecemento dos condicionantes de contorno, bótase en falta destacar convenientemente a maioría deles como os referentes ao Plan Director que rixe a presente licitación, os condicionantes das gradas xa reformadas, análise da orografía, a importancia das redes soterradas existentes no ámbito de actuación como o colector de marxe do río, os usos concretos dos baixos, do entorno e das edificacións do ámbito, e a afección das actuais gradas de Gol e Marcador a demoler, e da choiva e vento sobre a instalación.

De acordo coa avaliación realizada, a puntuación debe ter en conta que a súa proposta non é calificada como a que recolle con maior grao de detalle e coñecemento os aspectos relativos ao ámbito de actuación e os condicionantes do contorno que afecten ao desenvolvemento do proxecto, polo que se aplica o criterio de comparación coa oferta de maior puntuación, e se lle outorga unha puntuación de **14 PUNTOS**.

b) Análise da proposta de actuación a través dunha descrición analítica e detallada dos procedementos a desenvolver na execución do proxecto: se valorará con ata 25 puntos.

A memoria describe os procesos na redacción do proxecto no relativo a demolición dos graderíos existentes de Gol e Marcador. Presenta identificación da actuación do procedemento de cimentacións e estrutura de graderío, así como cubrición do graderío e pel exterior, destacando a importancia dos aspectos medioambientais das solucións propostas.

En canto ao aparcamento soterrado, desenrola someramente a incidencia e procedemento na execución do proxecto, procedemento de estudo de implantación de este, sistema estrutural, accesibilidade, acceso rampas, circulación interior, gálibo, cumprimento CTE ou instalacións.





Expte. 5.036-440

En canto a humanización do entorno, a memoria recolle sucintamente os criterios de actuación en canto a sección viaria, pavimentos, renovación redes, alumado, aparcamento, accesibilidade, mobiliario urbano...etc.

Presenta a memoria relación detallada dos documentos e estudos que conformarán o proxecto construtivo.

Bótase en falta a identificación e desenrolo dos procesos de traballo máis detallados e concretos a realizar e incidencia no referente a afección do vento e choiva, cálculos hidráulicos, visibilidade, acústica ou mobilidade mecánica e desenrolo o condicionante da execución por fases das obras do estadio.

*De acordo coa avaliación realizada, a puntuación debe ter en conta que a súa proposta non é calificada como a que recolle con maior grao de detalle e coñecemento os aspectos relativos a proposta de actuación a través dunha descrición analítica e detallada dos procedementos a desenvolver na execución do proxecto, polo que se aplica o criterio de comparación coa oferta de maior puntuación, e se lle outorga unha puntuación de **14 PUNTOS**.*

c) Proposta de planificación da execución do contrato de redacción e dos procedementos de traballo en relación cos períodos de execución e cos medios necesarios para a execución do contrato: se valorará con ata 25 puntos.

Presenta descrición das actividades a levar a cabo en cada unha das fases de actuación, adaptada aos contidos de cada fase, cun grado de detalle escaso e indicación da metodoloxía indicada para a execución dos traballos. Así mesmo se plantexa indicacións da distribución temporal das actuacións en cada fase grafiado en diagrama de gant, con programa de traballo adecuado, e desenrolo adecuado dos principais procesos, adaptado aos prazos parciais recollidos no prego da licitación. Recolle así mesmo indicación da dedicación dos recursos humanos a cada tarefa.

Bótase en falta indicación detallada e concreta dos medios humanos e materiais así como da distribución en equipos de traballo.

*De acordo coa avaliación realizada, a puntuación debe ter en conta que a súa proposta non é calificada como a que recolle con maior grao de detalle e coñecemento os aspectos relativos a proposta de planificación da execución do contrato de redacción e dos procedementos de traballo en relación cos períodos de execución e cos medios necesarios para a execución do contrato, polo que se aplica o criterio de comparación coa oferta de maior puntuación, e se lle outorga unha puntuación de **18 PUNTOS**.*

B.2.- MEMORIA DESCRIPTIVA DO EQUIPO DE RECURSOS HUMANOS ADSCRITOS AO PROXECTO.

*O arquivo dixital presentado para este apartado non supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado. Valorarase con ata **20 puntos**.*

a) Experiencia, cualificación e formación do equipo humano:se valorará con ata 12 puntos

O licitador presenta para os 10 profesionais que aparecen no organigrama un extracto da súa formación e cualificación, así como referencias da súa experiencia profesional.





Expte. 5.036-440

A cualificación e formación do persoal técnico (enxeñeiros de camiños, arquitecto, arquitecto técnico, enxeñeiro industrial, enxeñeiro técnico industrial) considérase adecuada para o proxecto.

Apórtase xustificación da experiencia para varios dos membros do equipo técnico en proxectos infraestruturas deportivas e aparcamentos soterrados, que se considera relevante. Bótase en falta maior grao de concreción na experiencia en proxectos similares segundo o requerido no prego para algúns dos perfís (técnico en instalacións; técnico en redes de servizo; técnico en seguridade)

*De acordo coa avaliación realizada, a puntuación debe ter en conta que a súa proposta non é calificada como a que recolle con maior grao de detalle e coñecemento os aspectos relativos á experiencia, cualificación e formación do equipo humano, polo que se aplica o criterio de comparación coa oferta de maior puntuación, e se lle outorga unha puntuación de **9,0 puntos**.*

b) Organización dos recursos humanos: se valorará con ata 8 puntos

Presenta un organigrama explicativo do rol asignado ao persoal técnico humano que se propón adscribir ao proxecto, composto por 10 técnicos.

Bótase en falta maior grao de detalle e concreción da descrición e xustificación das actividades a desenvolver e documentos a redactar por cada un dos membros do equipo de traballo, concretando a súa participación en cada unha das fases de execución nas que se vai desagregar o proxecto.

*De acordo coa avaliación realizada, a puntuación debe ter en conta que a súa proposta non é calificada como a que recolle con maior grao de detalle e coñecemento os aspectos relativos á organización dos recursos humanos, polo que se aplica o criterio de comparación coa oferta de maior puntuación, e se lle outorga unha puntuación de **4,0 puntos**.*

B.3.- PROPOSTA DE CONTROL DE CALIDADE.

*O arquivo dixital presentado para este apartado non supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado. Valorarase con ata **5 puntos**.*

Indícase que a empresa Tyspa posúe sistema de xestión de calidade certificado segundo a norma ISO 9001, con alcance adecuado ás características do proxecto a desenvolver.

O licitador expón a estrutura do sistema de xestión e propón un esquema do Plan de Aseguramento da Calidade a aplicar ao proxecto. Considérase que presenta un desenvolvemento adecuado dos puntos incluídos no prego, e aporta información gráfica relevante, esquemas e diagramas comprensivos da actuación, aínda que se bota en falta maior particularización para algunha das características concretas do proxecto. Especifica a repercusión das actividades previstas no Plan de Aseguramento da Calidade no programa de traballos presentado na oferta.

O licitador fai unha proposta de equipo técnico adicado ao control de calidade (un enxeñeiro de minas con 27 anos de experiencia e un licenciado en ciencias documentais con 16 anos de experiencia), que se considera adecuada, e independente do equipo redactor.

*Considérase para este apartado que a análise presentada polo licitador é a que recolle con maior grao de detalle e coñecemento os aspectos relativos á proposta de plan de control de calidade, e se lle outorga unha puntuación de **4,5 puntos**.*





Expte. 5.036-440

UTE G.O.C. S.A.-NAOS 04 ARQUITECTOS, S.L.P.

B.1.- MEMORIA TÉCNICA DOS TRABALLOS A REALIZAR.

O arquivo dixital presentado para este apartado non supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con ata **75 puntos**.

a) Análise do ámbito de actuación e os condicionantes do entorno que afecten ao desenvolvemento do proxecto: se valorará con ata 25 puntos.

A memoria analiza á area de influencia do ámbito de actuación e as delimitacións perimetrais, e desenrola detalladamente os accesos viarios, circulacións e a conectividade do transporte público co entorno da actuación. Se presenta análise concreto da topografía como condicionante de desenrolo da actuación, así como a pavimentación dos viais contiguos, a configuración dos edificios contiguos tanto en altura como en uso.

Destaca a memoria a precisión na análise da influencia do río Lagares e a inundabilidade do entorno e o condicionante de desenrolo da actuación en zona inundable, identificando a afección da choiva e os ventos, con análise detallada destes así como do soleamento no ámbito, como uns dos principais condicionantes da actuación.

Presenta ademáis identificación das redes de servizos e acometidas ao Estadio de electridade, abastecemento, combustible e recolle cun grado de detalle adecuado as instalacións de vixilancia, megafonía ou videomarcadores existentes como condicións de contorno a ter en conta. Recolle así mesmo as condicións urbanísticas do entorno.

En canto ao aparcamento presenta análise detallada identificando gráficamente os aparcamentos no entorno do ámbito e a influencia destes, así como identificación concreta do tráfico e afeccións os días de partido no contorno.

No relativo a edificación existente, a memoria analiza detalladamente a estrutura e os condicionantes das gradas obxecto do presente contrato de Gol e Marcador, así como da grada de Río e Tribuna e analise das principais directrices do Plan Director no referente a envolvente da edificación, como condición de contorno da actuación a desenrolar. Tamén se identifica detalladamente os usos, servizos e circulacións actuais dos baixos do Estadio.

En xeral a memoria analiza adecuadamente o ámbito de actuación no relativo a moitos dos principais condicionantes demostrando un gran coñecemento da problemática a resolver e os condicionantes externos. Bótase en falta maior detalle no referente a xeoloxía e xeotecnica do entorno e do colector de marxe do río Lagares que discorre próximo ao Estadio.

Se considera para este apartado que a análise presentada polo licitador é a que recolle con maior grao de detalle e coñecemento os aspectos relativos ao ámbito de actuación e os condicionantes do contorno que afecten ao desenvolvemento do proxecto, e se lle outorga unha puntuación de **22 PUNTOS**.





Expte. 5.036-440

b) Análise da proposta de actuación a través dunha descrición analítica e detallada dos procedementos a desenvolver na execución do proxecto: se valorará con ata 25 puntos.

A memoria describe detalladamente os procesos na redacción do proxecto no relativo a demolición dos graderíos existentes de Gol e Marcador, e desenrola o condicionante da execución por fases das obras do estadio. Presenta identificación da actuación do procedemento de cimentacións e estrutura de graderío, así como análise da conexión entre as gradas existentes.

Desenrola a incidencia e procedemento na execución do proxecto do funcionamento conxunto do estadio completo e aparcamento, procedemento de estudo de implantación de este, accesibilidade, evacuación, visibilidade do graderío, acústica, urbanización do ámbito, integración da envolvente exterior, iluminación do terreo de xogo así como estudo da mobilidade mecánica interior.

Destaca as propostas de actuación e desenvolvemento no relativo a afección da choiva e o vento, estudo de solucións das inundacións, eficiencia enerxética, así como cálculos das diferentes instalacións de vixilancia, enerxía, saneamento, fontanería, electricidade, contraincendios, megafonía, seguridade...etc.

Bótase en falta a identificación e desenrolo dos procesos de traballo máis detallados e concretos a realizar e incidencia no referente a afección do vento, cálculo de estruturas soterradas, graderío e cuberta e cálculos hidráulicos.

De acordo coa avaliación realizada, a puntuación debe ter en conta que a súa proposta non é calificada como a que recolle con maior grao de detalle e coñecemento os aspectos relativos a proposta de actuación a través dunha descrición analítica e detallada dos procedementos a desenvolver na execución do proxecto, polo que se aplica o criterio de comparación coa oferta de maior puntuación, e se lle outorga unha puntuación de **16 PUNTOS**.

c) Proposta de planificación da execución do contrato de redacción e dos procedementos de traballo en relación cos períodos de execución e cos medios necesarios para a execución do contrato: se valorará con ata 25 puntos.

Presenta relación detallada das actividades a levar a cabo en cada unha das fases de actuación, adaptada aos contidos de cada fase, cun grao de detalle na descrición escaso pero alta concreción dos procesos e con indicación da metodoloxía indicada para a execución dos traballos. Así mesmo se plantexa indicacións da distribución temporal das actuacións en cada fase grafiado en diagrama de gant, con programa de traballo adecuado, e desenrolo detallado dos principais procesos e indicación das actividades críticas adaptado aos prazos parciais recollidos no prego da licitación. Recolle así mesmo indicación da dedicación e asignación dos recursos humanos a cada tarefa, relacionando detalladamente os medios materiais e programas a empregar.

Bótase en falta maior definición e concreción no referente a actividades críticas e maior grao de detalle na descrición dos procedementos.

Se considera para este apartado que a análise presentada polo licitador é a que recolle con maior grao de detalle e coñecemento os aspectos relativos a proposta de planificación da execución do contrato de





Expte. 5.036-440

redacción e dos procedementos de traballo en relación cos períodos de execución e cos medios necesarios para a execución do contrato, e se lle outorga unha puntuación de **22 PUNTOS**.

B.2.- MEMORIA DESCRIPTIVA DO EQUIPO DE RECURSOS HUMANOS ADSCRITOS AO PROXECTO.

O arquivo dixital presentado para este apartado non supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado. Valorarase con ata **20 puntos**.

a) Experiencia, cualificación e formación do equipo humano:se valorará con ata 12 puntos

O licitador presenta para os 22 profesionais que aparecen no organigrama un extracto da súa formación e cualificación, así como referencias da súa experiencia profesional.

A cualificación e formación do persoal técnico (arquitectos, enxeñeiros de camiños, enxeñeiros industriais, enxeñeiros técnicos industriais, enxeñeiro de minas, técnicos superiores de formación profesional) considérase adecuada para o proxecto. Bótase en falta xustificar maior formación complementaria específica en prevención de riscos laborais para o perfil encargado da redacción do estudo de seguridade e saúde.

Considérase especialmente relevante o coñecemento do entorno e a alta experiencia en actuacións con peculiaridades propias deste proxecto, con referencias relevantes no deseño de instalacións deportivas e aparcamentos soterrados.

De acordo coa avaliación realizada, a puntuación debe ter en conta que a súa proposta non é calificada como a que recolle con maior grao de detalle e coñecemento os aspectos relativos á experiencia, cualificación e formación do equipo humano, polo que se aplica o criterio de comparación coa oferta de maior puntuación, e se lle outorga unha puntuación de **11,0 puntos**.

b) Organización dos recursos humanos:se valorará con ata 8 puntos

Presenta un organigrama explicativo do persoal técnico humano que se propón adscribir ao proxecto, composto por 22 técnicos, con detalle que se considera adecuado.

Xustifica a actuación e funcións asignadas a cada membro do equipo humano que propón adscribir ao contrato. Considérase adecuado ás necesidades da actuación a desenvolver.

Detalla a dedicación prevista de cada un dos técnicos ao proxecto (con indicación das actividades e documentos asignados a cada profesional en cada unha das fases do proxecto).

En relación coa información gráfica, ademais do organigrama, aporta táboas comprensivas da asignación de traballos por recursos e tarefas.

Considérase para este apartado que a análise presentada polo licitador é a que recolle con maior grado de detalle a organización de recursos humanos adscritos ao proxecto, e se lle outorga unha puntuación de **8,0 puntos**.

B.3.- PROPOSTA DE CONTROL DE CALIDADE.

Páx. 18 de 26



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 20/03/2018 12:34

Páxina 18 de 26

Expediente 5036/440

CSV: 23EA4-3828E-2A2AA-E4E2E

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expte. 5.036-440

O arquivo dixital presentado para este apartado supera o límite máximo de extensión recollido nas FEC, xa que presenta 23 páxinas, polo que a puntuación redúcese á metade. Valorarase con ata **5 puntos**.

Indícase que as empresas que constitúen a UTE posúen ambas sistema de xestión de calidade certificado segundo a norma ISO 9001, con alcance adecuado ás características do proxecto a desenvolver.

O licitador expón a estrutura do sistema de xestión e propón un Plan de Control de Calidade a aplicar ao proxecto que se considera adecuado. Adxunta información gráfica e esquemas cun grao de detalle aceptable. Bótase en falta maior definición e grao de detalle da organización dedicada ao control de calidade.

De acordo coa avaliación realizada, a puntuación debe ter en conta que a súa proposta non é calificada como a que recolle con maior grao de detalle e coñecemento os aspectos relativos á proposta de control de calidade, polo que se aplica o criterio de comparación coa oferta de maior puntuación, e se lle outorga unha puntuación de 3 puntos.

Tendo en conta o indicado ao comezo do presente criterio, a puntuación será a metade, polo que para este criterio se asignan a metade da valoración, é dicir, **1,5 PUNTOS**.

SENER INGENIERIA Y SISTEMAS SA

B.1.- MEMORIA TÉCNICA DOS TRABALLOS A REALIZAR.

O arquivo dixital presentado para este apartado non supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con ata **75 puntos**.

a) Análise do ámbito de actuación e os condicionantes do entorno que afecten ao desenvolvemento do proxecto: se valorará con ata 25 puntos.

A memoria analiza someramente a area de influencia do ámbito de actuación e as delimitacións perimetrais como pista de atletismo, Lagares e poligono industrial e viarias, recollendo referencia aos aparcamentos na zona do entorno do Estadio.

A memoria recolle posteriormente proposta de actuación con escaso detalle e ningún aporte na descrición, xustificación, grado de detalle ou coñecemento da problemática e dos condicionantes do ámbito de actuación na execución do contrato.

En xeral a memoria analiza escasamente o ámbito de actuación no relativo a moitos dos principais condicionantes e os que cita se presentan sen un alto grado de detalle. Non se demostra o coñecemento do ámbito de actuación e os condicionantes de contorno, bótase en falta destacar convenientemente a maioría deles como os referentes a implantación da actuación en zona inundable e a afección aos criterios de deseño, a afección do vento e choiva no entorno, análise do transporte público, topografía, a influencia dos días de partido, a importancia das redes soterradas existentes no ámbito de actuación como o colector de marxe do río, os usos concretos dos baixos, do entorno e das edificacións do ámbito, normativa e condicións urbanísticas a cumprir no ámbito de actuación, condicións xeométricas das obras de Tribuna e Río xa executadas ou a afección das actuais gradas de Gol e Marcador a demoler.

Páx. 19 de 26



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 20/03/2018 12:34

Páxina 19 de 26

Expediente 5036/440

CSV: 23EA4-3828E-2A2AA-E4E2E

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expte. 5.036-440

De acordo coa avaliación realizada, a puntuación debe ter en conta que a súa proposta non é calificada como a que recolle con maior grao de detalle e coñecemento os aspectos relativos ao ámbito de actuación e os condicionantes do contorno que afecten ao desenvolvemento do proxecto, polo que se aplica o criterio de comparación coa oferta de maior puntuación, e se lle outorga unha puntuación de **8 PUNTOS**.

b) Análise da proposta de actuación a través dunha descrición analítica e detallada dos procedementos a desenvolver na execución do proxecto: se valorará con ata 25 puntos.

Describe a memoria sucintamente a metodoloxía de traballo detallada para cada unha das fases cos documentos e estudos necesarios e indicación das principais definicións necesarias. Destaca polo grado de detalle e concreción a definición no relativo ao estudo de visibilidade, vento, evacuación e deseño estrutural das novas gradas e do aparcamento soterrado,

A memoria en xeral non describe e concreta o desenvolvemento dos traballos para a redacción do proxecto do contrato e os condicionantes dos procedementos con detalle e xustificación para cada un dos cálculos necesarios e a adaptación da metodoloxía a seguir para a realización, salvo no relativo a visibilidade, vento e estruturas. Bótase en falta a identificación e desenrolo dos procesos de traballo a realizar e incidencia no referente a demolicións das gradas existentes, estudo de tráfico peonil e rodado, trazado, xeotecnia, execución por fases das obras, topografía, iluminación, hidráulico e hidrolóxico relativo as posibles inundacións, medioambiente, accesibilidade, instalacións...etc.

De acordo coa avaliación realizada, a puntuación debe ter en conta que a súa proposta non é calificada como a que recolle con maior grao de detalle e coñecemento os aspectos relativos a proposta de actuación a través dunha descrición analítica e detallada dos procedementos a desenvolver na execución do proxecto, polo que se aplica o criterio de comparación coa oferta de maior puntuación, e se lle outorga unha puntuación de **11 PUNTOS**.

c) Proposta de planificación da execución do contrato de redacción e dos procedementos de traballo en relación cos períodos de execución e cos medios necesarios para a execución do contrato: se valorará con ata 25 puntos.

Presenta indicación da distribución temporal adaptada aos prazos parciais, pero de escaso detalle, con discretización das actividades de cada fase por semanas pero sen desglose nin detalle dos procesos.

Bótase en falta ademais de maior detalle do contido anteriormente citado, identificación dos principais procesos e descrición das actuacións para cada unha das fases en relación aos períodos de execución, indicación detallada e concreta dos medios humanos e materiais así como da dedicación específica dos recursos humanos e da distribución en equipos de traballo.

De acordo coa avaliación realizada, a puntuación debe ter en conta que a súa proposta non é calificada como a que recolle con maior grao de detalle e coñecemento os aspectos relativos a proposta de planificación da execución do contrato de redacción e dos procedementos de traballo en relación cos períodos de execución e cos medios necesarios para a execución do contrato, polo que se aplica o criterio de comparación coa oferta de maior puntuación, e se lle outorga unha puntuación de **6 PUNTOS**.

B.2.- MEMORIA DESCRIPTIVA DO EQUIPO DE RECURSOS HUMANOS ADSCRITOS AO PROXECTO.

Páx. 20 de 26



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 20/03/2018 12:34

Páxina 20 de 26

Expediente 5036/440

CSV: 23EA4-3828E-2A2AA-E4E2E

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expte. 5.036-440

Para este apartado o licitador presenta un total de 11 arquivos, incumplindo o requisito de arquivo único recollido nas FEC para este apartado, polo que a puntuación redúcese á metade. Valorarase con ata **20 puntos**.

a) Experiencia, cualificación e formación do equipo humano: se valorará con ata 12 puntos

O licitador presenta para algúns dos perfís considerados como persoal mínimo a adscribir ao contrato un extracto da súa formación e cualificación, así como referencias da súa experiencia profesional. Sen embargo, non se define suficientemente a cualificación e formación para un dos perfís requeridos como de adscrición mínima ao contrato (técnico de estudos de seguridade).

Naqueles casos nos que se especifica a cualificación e formación do persoal técnico, esta se considera adecuada para o proxecto (enxeñeiro de camiños, enxeñeiro técnico de obras públicas, arquitecto, enxeñeiro técnico industrial).

Apórtase xustificación da experiencia para varios dos membros do equipo técnico en proxectos infraestruturas multiuso e aparcamentos soterrados, que se consideran adecuadas. Bótase en falta maior grao de concreción na experiencia en proxectos similares segundo o requerido no prego para algúns dos perfís (técnico en seguridade).

De acordo coa avaliación realizada, a puntuación debe ter en conta que a súa proposta non é calificada como a que recolle con maior grao de detalle e coñecemento os aspectos relativos á experiencia, cualificación e formación do equipo humano, polo que se aplica o criterio de comparación coa oferta de maior puntuación e se lle outorga unha puntuación de 7,0 puntos.

b) Organización dos recursos humanos: se valorará con ata 8 puntos

Presenta un organigrama explicativo do rol asignado ao persoal técnico humano que se propón adscribir ao proxecto, composto por 8 técnicos.

Bótase en falta maior grao de detalle e concreción da descrición e xustificación das actividades a desenvolver e documentos a redactar por cada un dos membros do equipo de traballo, concretando a súa participación en cada unha das fases de execución nas que se vai desagregar o proxecto. Non se concreta o rol a desempeñar polos perfís que aparecen no organigrama distintos ao persoal mínimo a adscribir aos traballos.

De acordo coa avaliación realizada, a puntuación debe ter en conta que a súa proposta non é calificada como a que recolle con maior grao de detalle e coñecemento os aspectos relativos á organización dos recursos humanos, polo que se aplica o criterio de comparación coa oferta de maior puntuación, e se lle outorga unha puntuación de 4,0 puntos.

Tendo en conta o indicado ao comezo do presente criterio, a puntuación será a metade, polo que para este criterio se asignan a metade da suma da valoración dos apartados que o conforman, é dicir, **5,5 PUNTOS**.

B.3.- PROPOSTA DE CONTROL DE CALIDADE.

O arquivo dixital presentado para este apartado non supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado. Valorarase con ata **5 puntos**.





Expte. 5.036-440

Indícase que a empresa Sener Ingeniería y Sistemas SA posúe sistema de xestión de calidade certificado segundo a norma ISO 9001, con alcance adecuado ás características do proxecto a desenvolver.

O licitador expón a estrutura do sistema de xestión e propón un esquema do Plan de Aseguramento da Calidade a aplicar ao proxecto. Considérase que presenta un desenvolvemento dos puntos incluídos no prego, pero bótase en falta maior grao de detalle en canto á información gráfica e esquemas aportados.

Non se detalla suficientemente a organización adicada ao control de calidade, particularizada para o desenvolvemento do presente proxecto.

*De acordo coa avaliación realizada, a puntuación debe ter en conta que a súa proposta non é calificada como a que recolle con maior grao de detalle e coñecemento os aspectos relativos á proposta de control de calidade, polo que se aplica o criterio de comparación coa oferta de maior puntuación, e se lle outorga unha puntuación de **3,5 puntos**.*

UTE GALAICONTROL SL – HERMOSO&HEIMANNSFELD ARQUITECTOS SLP – LUIS COLLARTE RODRÍGUEZ

B.1.- MEMORIA TÉCNICA DOS TRABALLOS A REALIZAR.

*O arquivo dixital presentado para este apartado non supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con ata **75 puntos**.*

a) Análise do ámbito de actuación e os condicionantes do entorno que afecten ao desenvolvemento do proxecto: se valorará con ata 25 puntos.

O licitador presenta a evolución do estadio ao longo dos anos e dos diferentes estudos levados a cabo. Presenta a normativa e condicións urbanísticas a cumprir no ámbito de actuación, e recolle brevemente as condicións xeométricas das obras de Tribuna e Río xa executadas.

A memoria analiza á area de influencia do ámbito de actuación e as delimitacións perimetrais, e desenrola a xeometría, topografía e as consideracións do entorno deportivo e residencial, con indicación dos tráfico das rúas colindantes ao Estadio.

A memoria recolle posteriormente proposta de actuación con escaso aporte na descrición, xustificación, grado de detalle ou coñecemento da problemática e dos condicionantes do ámbito de actuación na execución do contrato.

En xeral a memoria analiza escasamente o ámbito de actuación no relativo a moitos dos principais condicionantes e os que cita se presentan sen un alto grado de detalle. Non se demostra o coñecemento do ámbito de actuación e os condicionantes de contorno, bótase en falta destacar convenientemente a maioría deles como os referentes a implantación da actuación en zona inundable e a afección aos criterios de deseño, a afección do vento e choiva no entorno, análise do transporte público, as condicións de aparcamento actuais, a influencia dos días de partido, a importancia das redes soterradas existentes no ámbito de actuación como o colector de marxe do río, os usos concretos dos baixos, do entorno e das edificacións do ámbito, e a afección das actuais gradas de Gol e Marcador a demoler.

De acordo coa avaliación realizada, a puntuación debe ter en conta que a súa proposta non é calificada como a que recolle con maior grao de detalle e coñecemento os aspectos relativos ao ámbito de actuación

Páx. 22 de 26



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 20/03/2018 12:34

Páxina 22 de 26

Expediente 5036/440

CSV: 23EA4-3828E-2A2AA-E4E2E

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expte. 5.036-440

e os condicionantes do contorno que afecten ao desenvolvemento do proxecto, polo que se aplica o criterio de comparación coa oferta de maior puntuación, e se lle outorga unha puntuación de **10 PUNTOS**.

b) Análise da proposta de actuación a través dunha descrición analítica e detallada dos procedementos a desenvolver na execución do proxecto: se valorará con ata 25 puntos.

A memoria describe detalladamente proposta de actuación integral xustificada nos novos estadios europeos e apoiada na mellora do espazo urbano e as condicións de uso con versatilidade e cunha componente comercial e social ampla baseada na tripla deporte-diversión-encontro, con proposta de actividades directas e indirectas.

Describe así mesmo a metodoloxía de traballo detallada para cada unha das fases cos documentos e estudos que conformarán os diversos documentos.

A memoria en xeral non describe e concreta o desenvolvemento dos traballos para a redacción do proxecto do contrato e os condicionantes dos procedementos con detalle e xustificación para cada un dos cálculos necesarios e a adaptación da metodoloxía a seguir para a realización. Bótase así en falta a identificación e desenrolo dos procesos de traballo a realizar e incidencia no referente a demolicións das gradas existentes, estruturas soterradas do parking, trazado, estrutura grada e cuberta, visibilidade, xeotecnia, topografía, iluminación, hidráulico e hidrolóxico relativo as posibles inundacións, medioambiente, evacuación e accesibilidade, instalacións, tráfico, vento e choiva...etc.

De acordo coa avaliación realizada, a puntuación debe ter en conta que a súa proposta non é calificada como a que recolle con maior grao de detalle e coñecemento os aspectos relativos a proposta de actuación a través dunha descrición analítica e detallada dos procedementos a desenvolver na execución do proxecto, polo que se aplica o criterio de comparación coa oferta de maior puntuación, e se lle outorga unha puntuación de **9 PUNTOS**.

c) Proposta de planificación da execución do contrato de redacción e dos procedementos de traballo en relación cos períodos de execución e cos medios necesarios para a execución do contrato: se valorará con ata 25 puntos.

Presenta relación detallada das actividades a levar a cabo en cada unha das fases de actuación, adaptada aos contidos de cada fase, cun grado de detalle na descrición escaso pero alta concreción dos procesos e con indicación da metodoloxía indicada para a execución dos traballos. Así mesmo se plantexa indicacións da distribución temporal das actuacións en cada fase grafiado en diagrama de gant, con programa de traballo adecuado, e desenrolo detallado dos principais procesos e indicación das actividades críticas adaptado aos prazos parciais recollidos no prego da licitación. Recolle así mesmo indicación da dedicación dos recursos humanos a cada tarefa.

Bótase en falta indicación detallada e concreta dos medios humanos e materiais así como da distribución en equipos de traballo.

De acordo coa avaliación realizada, a puntuación debe ter en conta que a súa proposta non é calificada como a que recolle con maior grao de detalle e coñecemento os aspectos relativos a proposta de planificación da execución do contrato de redacción e dos procedementos de traballo en relación cos





Expte. 5.036-440

períodos de execución e cos medios necesarios para a execución do contrato, polo que se aplica o criterio de comparación coa oferta de maior puntuación, e se lle outorga unha puntuación de **20 PUNTOS**.

B.2.- MEMORIA DESCRIPTIVA DO EQUIPO DE RECURSOS HUMANOS ADSCRITOS AO PROXECTO.

O arquivo dixital presentado para este apartado non supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado. Valorarase con ata **20 puntos**.

a) Experiencia, cualificación e formación do equipo humano:se valorará con ata 12 puntos

O licitador presenta para o persoal mínimo requerido un extracto da súa formación e cualificación, así como cita a titulación e anos de experiencia para o resto do persoal ofertado (10 profesionais en total).

A cualificación e formación do persoal técnico (enxeñeiros de camiños, arquitectos, enxeñeiro técnico de obras públicas, enxeñeiro industrial, enxeñeiro técnico industrial, xeólogo, enxeñeiro técnico topógrafo, técnico superior construción) considérase adecuada para o proxecto.

Apórtanse referencias da experiencia para varios dos membros do equipo técnico en proxectos de infraestruturas deportivas e aparcamentos soterrados, pero bótase en falta maior grao de concreción na experiencia en proxectos similares nos últimos cinco anos segundo o requerido no prego para algúns dos perfís propostos (director dos traballos, técnico de estruturas, técnico en redes de servizos).

De acordo coa avaliación realizada, a puntuación debe ter en conta que a súa proposta non é calificada como a que recolle con maior grao de detalle e coñecemento os aspectos relativos á experiencia, cualificación e formación do equipo humano, polo que se aplica o criterio de comparación coa oferta de maior puntuación, e se lle outorga unha puntuación de **9,0 puntos**.

b) Organización dos recursos humanos: se valorará con ata 8 puntos

Presenta unha táboa explicativa da función asignada ao persoal técnico humano que se propón adscribir ao proxecto, composto por 10 técnicos.

Xustifica a actuación e funcións asignadas a cada membro do equipo humano que propón adscribir ao contrato. Considérase adecuado ás necesidades da actuación a desenvolver.

Detalla a dedicación prevista de cada un dos técnicos ao proxecto (con indicación das actividades e documentos asignados a cada profesional en cada unha das fases do proxecto). En xeral considérase adecuada, aínda que se detecta nalgún caso falta de coherencia entre os recursos e as tarefas asignadas

De acordo coa avaliación realizada, a puntuación debe ter en conta que a súa proposta non é calificada como a que recolle con maior grao de detalle e coñecemento os aspectos relativos á organización dos recursos humanos, polo que se aplica o criterio de comparación coa oferta de maior puntuación, e se lle outorga unha puntuación de **6,5 puntos**.

B.3.- PROPOSTA DE CONTROL DE CALIDADE.

O arquivo dixital presentado para este apartado non supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado. Valorarase con ata **5 puntos**.

Páx. 24 de 26



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 20/03/2018 12:34

Páxina 24 de 26

Expediente 5036/440

CSV: 23EA4-3828E-2A2AA-E4E2E

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expte. 5.036-440

Indícase que unha das empresas que constitúen a unión temporal de empresas (Galaicontrol) posúe sistema de xestión de calidade certificado segundo a norma ISO 9001, aínda que debe sinalarse que o alcance do certificado da empresa Galaicontrol non se axusta ás características do traballo a desenvolver (laboratorio de ensayo para el control de calidad para la edificación y obra civil).

O licitador expón a estrutura do sistema de xestión e propón un esquema do Plan de Control da Calidade a aplicar ao proxecto. Bótase en falta maior grao de adecuación ás particularidades do proxecto, tamén para a información gráfica, esquemas e diagramas comprensivos da actuación.

Bótase en falta maior definición e grao de detalle da organización dedicada ao control de calidade.

*De acordo coa avaliación realizada, a puntuación debe ter en conta que a súa proposta non é calificada como a que recolle con maior grao de detalle e coñecemento os aspectos relativos á proposta de control de calidade, polo que se aplica o criterio de comparación coa oferta de maior puntuación, e se lle outorga unha puntuación de **1,5 puntos**.*

C.- CADRO RESUMEN DA AVALIACIÓN DOS CRITERIOS POR XUIZO DE VALOR:

De acordo cos aspectos, motivación e puntuación indicados no presente informe, se emite a táboa do ANEXO I, que se xunta ao presente informe, onde se resume a valoración proposta en cada criterio para cada unha das empresas licitadoras.

Do contido do presente informe e da táboa anexa, desprendese como resumen os seguintes datos de avaliación dos criterios por xuízo de valor das ofertas presentadas (sobre b “proposición avaliable mediante xuízo de valor”) para a contratación **polo procedemento aberto de:**

REDACCIÓN DO PROXECTO DAS OBRAS DAS NOVAS GRADAS DE GOL E MARCADOR, DUN APARCADOIRO SOTERRADO E DUN PROXECTO CONXUNTO DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÇOS

LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL CRITERIOS XUIZO DE VALOR
IDOM CONSULTING ENGINEERING ARCHITECTURE SAU	58,00
PEDRO DE LA PUENTE CRESPO	77,50
TYPSA MC2 SOLTEC INGENIEROS SL	63,50
U.T.E. - G.O.C., S.A. E NAOS 04 ARQUITECTOS, S.L.P.	80,50
SENER INGENIERÍA Y SISTEMAS S.A.	34,00
UTE GALAICONTROL SL-HERMOSO&HEIMANNSELD ARQUITECTOS SLP-LUIS COLLARTE RODRIGUEZ	56,00

Pág. 25 de 26

NON SUPERA
UMBRAL MÍNIMO DE
PUNTUACIÓN



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 20/03/2018 12:34

Páxina 25 de 26

Expediente 5036/440

CSV: 23EA4-3828E-2A2AA-E4E2E

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

CONCELLERÍA
DE
FOMENTO

CONCELLO
DE VIGO



Expte. 5.036-440

Do presente informe dáselle traslado a Mesa de contratación para que a vista de este, e en virtude das súas competencias, proceda a continuación do expediente ou solicite novos informes técnicos segundo considere oportuno.

Vigo, na data da sinatura dixital

O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos- Jerónimo Centrón Castaños

O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos (D.D. de data 15 de novembro de 2017) – Xacobe Paz Salgado

REVISADO E CONFORME:

O xefe da oficina de supervisión de proxectos, inspección técnica de obras e asistencia municipal / Enxeñeiro da Edificación D. Aurelio Adán Fernández

Páx. 26 de 26



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 20/03/2018 12:34

Páxina 26 de 26

Expediente 5036/440

CSV: 23EA4-3828E-2A2AA-E4E2E

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>